



XEIRA, DOMINGO, 16 DE XUÑO DE 2019

CEDEIRA E A SÚA RÍA

Guiada por Pancho Gallego

Saída ás 8,30 h dende as paradas habituais

- Viaxe á vila e ría de Cedeira.

Lembre levar calzado cómodo, para a visita ó castro.

ITINERARIO

- Empezaremos o día parando no lugar das Ferreiras sobre o río das Forcadas, para seguir ata o lugar do Puntal e achegarnos despois á ponte medieval de Porto do Cabo sobre o río das Mestas, onde teremos tempo a tomar un café.
- Seguidamente, iremos xa ata Cedeira, onde visitaremos en primeiro lugar a igrexa de Santa María, para coñecer despois o resto da vila.
- Iremos andando despois ata o Museo Mares de Cedeira, dedicado ó mundo do mar e con elementos singulares. De alí pasaremos xa ó restaurante.

O xantar farémolo sobre as 2,00 da tarde no coñecido restaurante "O Badulaque", que ten nova ubicación, a base de empanada, rape e postre típico.

- Unha vez rematemos achegarémonos ata o espigón, e dende alí subiremos ó Castelo da Concepción que visitaremos por dentro.
- Continuaremos a tarde subindo un pouco máis por esta punta Sarridal ata o castro do Campo do Castro, que leva un par de anos en escavación e onde se acaba de atopar unha das escasas saunas galaico-castrexas atopadas en Galicia, para baixar despois ata a Punta das Baterías.
- Tentaremos volver despois á vila por outro camiño, para cruzar o río Condomiñas e coñecer outras parroquias e barrios, lendas da ría, a súa historia recente, etc.
- Tentaremos, se é posible, subir ó santuario de Santo Antón do Corbeiro.
- Remataremos o día nalgún miradoiro con vistas á ría para volver finalmente a Coruña.